



MELISSA KASEMAN

Para xs máis peques, recomendamos comezar pola primeira proposta. Para as persoas adultas, invitamos a comezar pola terceira, no sentido contrario.

Hai xente que ten a capacidade de ver cousas pequechas e tamen hai quen ten a capacidade de ver as cousas máis grandes, sabes? Como cando tes que dar un paso atrás. ou cinco ou seis, para poder mirar enteira o grande que é unha farola. Aí, nese momento, daste conta de que igual non todo é o que parece.

NA BUSCA

Hai papel de aluminio na túa cociña? Corta un trozo grande, ou pide axuda se precisas,

Agora sacúdeo. Pouquiño a pouco. Sacúdeo coas dúas mans, despacio... despacio... e agora máis deprisa, máis forte e máis deprisa. Escoita! Din que soa a tormenta.

Busca outros trociños de diferentes tipos de papel que poidan facer ruídos distintos.

Seguro que tes un sitio preferido para sentarte. Pode ser no sofá, na alfombra

OS TESOUROS

Agora vas precisar de axuda. Podes facelo de forma individual, pero sempre é máis divertido se enredas a alguén pola casa ou a distancia.

Escollede un obxecto que levedes sempre enriba (pode ser tamén no bolso ou na mochila), igual unha goma do pelo, unha pelota de tenis... seguro que te sorprendes máis do que esperabas.

Agora necesitates, cada persoa, algo para escribir, como un boli ou un lápiz, e dous papeis.

Se estades facendoo entre dous, escolle o obxecto da outra persoa; de ser entre varios, o da persoa que está

Melissa Kaseman é unha fotógrafa actual estadounidense afincada en Oakland, especializada en fotografía de interiores e retratos ambientais.

Preschool Pocket Treasures é un proxecto persoal de arquivo. Retratos dos pequenos tesouros que seu fillo levaba no peto á volta da escola, entendendo a fotografía como rexistro, como unha reportaxe taxonómica da imaxinación da infancia nesa fase de descubrimento.

SOBRE AS COLECCIÓNS

Abre o caixón que tes máis a man, o do escritorio. Se non tes escritorio, vale o da entrada. Faino con calma.

Saca, un a un, cada un dos obxectos que hai dentro. Pode que todos teñan coherencia, pero tamén poden ser do máis dispares.

Ordénaos. Non dentro do caixón. Sobre a mesa. Ou no chan. Onde teñas sitio.

Ordénaos seguindo un criterio. Poden ser en grupos diferentes. Podes comezar organizando por tipos de obxectos, por exemplo, ou por orde cronolóxica. Pero o máis interesante son ese outro tipo de relacións que non se xeran na primeira idea.

ou noutros máis raros como detrás da porta ou na bañeira.

Busca os sitios máis raros onde poidas sentarte. Ou mellor, busca como sentarte das formas máis raras posibles!

Mete a man no teu peto. Que levas dentro? Pide a algunha persoa adulta que esté na casa contigo que tamén o faga, pero sen facer trampas eh. Que saque todo o que teña dentro, pero sen sen escoller nadiña.

Agora, mirádeo xuntxs. Cal é a historia de cada cousa? Como chegou ata alí? Poderías inventar un conto?

NA BUSCA



a túa dereite e, se é de forma individual, ese que tes aí diante, non vale cambiar.

Agora toca mirar.

Tes que observar ese obxectos desvinculándoo da persoa. Esquécete dela e agora pensa... quen podería levar algo así consigo?

Apunta calquera cousa que se te ocorra. Igual é unha persoa excesivamente limpa porque leva unha balleta, ou alguén moi maior porque leva unha lupa. Pensa detalles sinxelos como a idade ou algún rasgo da súa personalidade que poida estar relacionado.

Pero podes ir máis lonxe. Como conseguiría esa cousa? igual hai algunha historia detrás? Como será a vida desa persoa?

Agora para. Respira.

Tes a túa personaxe definida. Noutro papel, escribe un breve relato de como cres que ese obxecto pasou a formar parte da personaxe protagonista e por que.

Logo, se vos animades ou te animas, comparade a nova historia coa real. Ás veces, a segunda é moito máis fantástica.

OS TESOUROS

Ponlle un título a cada grupo. Sácalle unha fotografía.

Pero unha fotografía pensada, non unha fotografía sen máis. Unha fotografía pensando a quen vaslle amosar esa colección. Igual non lla queres amosar a ninguén, pero é preciso reflectir cada un deses obxectos, cada unha desas pezas. Non é igual se os enfocas dende arriba, en ángulo cenital, que se os enfocas dende o ras. Todo depende do que queiras contar.

Colle un lápiz ou un boli e algún papel onde anotar. Pensa; lista todas esas coleccións que tiveches dende os primeiros anos, As primeiras de todo. Podían ser pedras, cunha data e un lugar anotados, palos de xeado ou outro tipo de olores e sensacións máis inverosímiles.

O feito de organizar, clasificar, arquivar, é intrínseco ao ser humano. Un intento de comprender e simplificar.

Escolle unha desas coleccións, que igual xa non tes a man, e pensa, canto podería ocupar? Debuxa ese espazo nun papel (pode ser a escala). Prégao, gárdao no peto... seica agora pesa?

SOBRE AS COLECCIÓNS